



PROCEDEMENTO

Modificación da distribución dos membros do estamento de deportistas. Proceso electoral 2022-2025.

ANTECEDENTES

Primeiro. O 02 de agosto de 2022, a Secretaría Xeral para o Deporte aprobou, mediante resolución, o regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Automovilismo e o calendario electoral, aprobados pola Asemblea Xeral Extraordinaria do 3 de xuño de 2022 e emendado pola Xunta directiva da Federación nas súas reunións do 8, 19 e 28 de xullo de 2022.

Segundo: O 13 de outubro de 2022 aprobouse a modificación do calendario electoral así como a distribución definitiva feita pola xunta electoral salvo a do estamento de escudarías, que se modificou e aprobou coa seguinte distribución:

| ESPECIALIDADE | REPRESENTANTES DE ESCUDARÍAS |
|---------------|------------------------------|
| AUTOCROSS | 4 |
| KARTING | 1 |
| MONTAÑA | 9 |
| RALLYES | 26 |
| SLALOM | 4 |
| TRIAL | 1 |
| | Total 45 |

Terceiro: Unha vez analizada de novo a Acta número 10 da xunta electoral, detectouse un erro no cálculo da distribución proporcional no estamento de deportistas, tendo en conta o número de licencias. Así, na dita acta consta a distribución seguinte:

| ESPECIALIDADE | DEPORTISTAS |
|---------------|-----------------|
| AUTOCROSS | 1 |
| KARTING | 1 |
| MONTAÑA | 3 |
| RALLYES | 4 |
| SLALOM | 1 |
| TRIAL | 1 |
| DGAN | 2 |
| | Total 13 |

Sen embargo, aplicada a correcta ponderación matemática, a distribución correcta é:

| ESPECIALIDADE | DEPORTISTAS |
|---------------|-------------|
| AUTOCROSS | 1 |
| KARTING | 1 |
| MONTAÑA | 2 |
| RALLYES | 5 |
| SLALOM | 1 |





| | |
|-------|----------|
| TRIAL | 1 |
| DGAN | 2 |
| | Total 13 |

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A Disposición derradeira primeira do Decreto 16/2018 de 15 de febreiro de 2018 polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas faculta á Secretaria Xeral para o Deporte para adoptar os acordos e ditar as resolucións precisas para a aplicación deste decreto.

2. O artigo 34.4 do Decreto 16/2018, establece que a decisión da xunta electora de distribución de membros en cada estamento non é impugnabile e deberá ser notificada, no prazo de dous días, á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa autorización ou modificación. A resolución da Secretaría Xeral para o Deporte porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo.

De conformidade con todo o indicado, esta Secretaria Xeral

Resolve:

1.- Corrixir a distribución definitiva de membros entre especialidades detectado no estamento de deportistas, nos seguintes termos:

Onde di:

- 4 representantes do estamento de deportistas Pilotos/Copilotos Rallyes
- 3 representantes do estamento de deportistas Pilotos/Copilotos Montaña

Debe dicir:

- 5 representantes do estamento de deportistas Pilotos/Copilotos Rallyes
- 2 representantes do estamento de deportistas Pilotos/Copilotos Montaña

2.- Ordenar á xunta electoral e á Comisión Xestora da Federación Galega de Automovilismo difundir a presente resolución e, en todo caso, publicala na páxina web da federación na sección de procesos electorais e no taboleiro de anuncios da sede federativa, xunto co calendario selado que se achega coa presente resolución.

A presente resolución notificarase á interesada, facéndolle saber que esgota a vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante a sola do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte o da súa notificación, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29 /1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que estimen pertinente.

Santiago de Compostela,
O secretario xeral para o Deporte.
José Ramón Lete Lasa.

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA
DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela

